

ENTRE DOS AGUAS

[Isaki Lacuesta, 2018]

461

ESTREA EN NUMAX: 30.11.2018 | V.O. | +16

Entre dos aguas (2018, 136')

Dirección: Isaki Lacuesta

Guión: Isa Campo, Isaki Lacuesta, Fran Araújo

Participación: Israel Gómez Romero, Francisco José Gómez Romero, Rocío Rendón, Yolanda Carmona, Lorrein Galea, Manuel González del Tanago

Son: Amanda Villavieja

Montaxe: Sergi Dies, Domi Parra

Música: Raúl Refree, Kiko Veneno

Dirección de arte: David Jiménez Díaz

Fotografía: Diego Dussuel

Produtoras: La Termita Films, B-Team Pictures, All Go Movies, Mallerich Films Paco Poch, Bord Cadre Films, Studio Indie Productions (España)

Distribuidora: BTeam

Formato de proxección: DCP2K

Idioma orixinal: Español

PREMIOS E FESTIVAIS

Donostia 2018 (Concha de Ouro Mellor Filme)

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

La próxima piel, 2016

Murieron por encima de sus posibilidades, 2014

Los pasos dobles, 2011

El cuaderno de barro, 2011

Los condenados, 2009

Las variaciones Marker, 2007

[mediametraxe]

La leyenda del tiempo, 2006

Cravan vs. Cravan, 2002

SINOPSE

Doce anos despois de *La leyenda del tiempo*, Isaki Lacuesta volve a San Fernando. Isra e Cheito son dous irmáns que tomaron camiños moi diferentes na vida. Cando Isra sae do cárcere e Cheito remata unha longa misión enrolado na Mariña, ambos regresan á Illa de San Fernando. O reencontro dos irmáns renovará o recuerdo da morte violenta de seu pai cando eran nenos; a necesidade de retomar as súas vidas e reconciliarse con eles mesmos haos unir de novo.

«Puro cinema. Isaki Lacuesta é testemuño social e poesía visual»

Carlos Loureda, FOTOGRAMAS



“La leyenda del tiempo é o filme que máis me marcou”

Nota do director

Cando comezamos a filmar *La leyenda del tiempo*, no inverno de 2004, o noso plan era filmar un retrato a longo prazo. Así que nos concentramos en representar os efectos do paso do tempo nos rostros, os corpos e os comportamentos dun grupo de adolescentes na Illa de León e San Fernando. Non pasou moito tempo antes de que os irmáns Gómez, Israel e Cheíto, nos chamaran a atención, aí comezou a nosa relación cinematográfica e, o que é máis importante, unha amizade que mantemos a día de hoxe. Tanto para min como para os meus colaboradores habituais, *La leyenda del tiempo* é o filme que máis nos marcou e unha experiencia clave nas nosas vidas.

Cando os coñecemos Israel tiña doce anos e Cheíto era un par de anos maior. Pouco despois descubrimos que seu pai fora asasinado uns meses antes e os nenos estaban a pelexar, traxica e precozmente, sobre quen ía ser o xefe da familia. A filmación de *La leyenda del tiempo* tivo lugar durante varios meses, divididos en tres etapas, o que permitiu capturar a Israel medrando, como cambiou a súa voz e como pasou de ser un neno a ser un adolescente. Así é como puidemos retratar con precisión eses

cambios físicos persoais que as películas tenden a representar empregando maquillaxe, perrucas e un entendemento convencional coa audiencia.

Mesmo entón pensamos que *La leyenda del tiempo* sería o primeiro paso nun retrato a longo prazo, un proxecto de vida e colaboración entre o equipo de filmación, Israel, Cheíto e os residentes do barrio de La Casería na Illa de León. Plantamos varias sementes durante todo o proceso de filmación coa intención de volvelas colleitar no futuro. Non é coincidencia que Isra e Saray finalicen o filme medíndose eles mesmos, comparando alturas, fronte a unha árbore; a idea era sempre volver e filmar con eles nese mesmo lugar.

Cando comezamos a traballar en *La leyenda del tiempo* incríbiámonos na tradición da cal François Truffaut é probabelmente o expoñente máis coñecido, grazas aos seus retratos do actor Jean-Pierre Léaud interpretando o personaxe de Antoine Doinel. Máis recentemente o director estadounidense Richard Linklater seguiu o mesmo camiño con *Boyhood* (2014) e a súa triloxía *Antes de...* Do mesmo xeito, o cineasta francés Jean Eustache propúxose filmar as festas locais da súa cidade natal, Pessac, unha vez cada dez anos. Eustache cría que se puideramos ter acceso á filmación levada a cabo durante todo un século, o seu valor social, histórico, estético, antropolóxico e artístico sería comparábel á busca en tempo literario de Marcel Proust en *En busca del tiempo perdido*.

Entre dos aguas é sobre todo un filme composto en forma de retrato.

Ao igual que na pintura e a fotografía, reivindicamos a noción do retrato como un dos principais xéneros na estética do cinema.

Así, en 2015 volvemos a San Fernando. *Entre dos aguas* empeza co parto da filla de Isra. E retomamos a historia dous anos despois. Cando Isra a reencontra ao saír do cárcere, a nena xa está tentando dicir as súas primeiras palabras. E claro, iso implica o paso do tempo, o crecemento, pero tamén unha trama dramática.

En *La leyenda del tiempo* rodamos con dúas cámaras dixitais porque queríamos dar a sensación de que estábamos a capturar un presente inmediato no que xurdían algúns cambios, era o filme duns nenos facéndose adolescentes nos 2000. Porén, ao preparar *Entre dos aguas* notamos que agora que son adultos, nas súas formas de vida hai, visualmente, algo moi intemporal: os rituais e uniformes nun barco militar, os traballos de mariscar ou de ir buscar cascallo. Sen contexto, custaría saber se estamos nos anos 60, os 80 ou a actualidade, até que aparece alguén observando por móbil ou bailando música actual. Coido que, inconscientemente, rodar en celuloide subliña ao espectador esta sensación de atemporalidade que implica para os personaxes unha perda de perspectiva de futuro.

Publicado en <http://bteampictures.es>
Tradución: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

La próxima piel, Isaki Lacuesta. Betta [DVD]

Los pasos dobles (2DVD + 1CD),

Isaki Lacuesta. Avalon [DVD]

Murieron por encima de sus posibilidades,

Isaki Lacuesta. Versus [DVD]

Boyhood (Momentos de una vida),

Richard Linklater. Universal [DVD]

Los 400 golpes, François Truffaut

Avalon [BluRay]

En busca del tiempo perdido,

Marcel Proust. RBA, 2013

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

4€
Faito NUMAX!
Abónate agora e ven sempre por